

ACORDO da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), polo que se inicia o procedemento de revisión do parcelario e estado das parcelas e trámites previos da investigación da titularidade das parcelas do polígono agroforestal de iniciativa pública de Cualedro, no Concello de Cualedro (Ourense).

Procedemento: Revisión do parcelario e estado das parcelas e trámites previos da investigación da titularidade das parcelas en polígonos agroforestais de iniciativa pública.

Expediente: PA-21-02

#### ANTECEDENTES.

1. Por acordo do 15 de novembro de 2021 da Presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), CVE B1V24AUBa5, iniciouse o procedemento de aprobación para o desenvolvemento do polígono agroforestal de iniciativa pública de Cualedro, no Concello de Cualedro (Ourense) (DOG núm. 247, do 27 de decembro de 2021).
2. Polos servizos técnicos da Agader elaborouse o estudo de viabilidade, CVEs kkntXVEl00, tlvnDSc0t8, Eu05DyzkH8; previsto no artigo 84 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que resulta favorable a que se leve a cabo o desenvolvemento do polígono agroforestal e á declaración de utilidade pública e interese social do mesmo prevista no artigo 85 do mesmo corpo legal.
3. Por acordo do 8 de febreiro de 2022 da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), CVE h38raYtDg9, aprobouse o citado estudo de viabilidade.
4. Polo decreto 32/2022, do 3 de marzo, declarouse de utilidade pública e interese social o dito polígono agroforestal (DOG núm. 55, do 21 de marzo de 2022).
5. Por acordo do 3 de maio de 2022 da Dirección Xeral da Agader, iniciouse o procedemento para a aprobación do proxecto básico do polígono agroforestal previsto no artigo 86 Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. que ha de incluír, entre outros, "d) A investigación da titularidade das parcelas".
6. Para os efectos da redacción do proxecto básico, é necesaria a revisión do parcelario e estado das parcelas nos termos previstos no artigo 89 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, así como os trámites do seu artigo 90 previo a que, de selo caso, se inicie o procedemento de investigación sinalado no artigo 19 da mesma lei.
7. En liña co anterior, procede promover as accións que regulan os artigos 89 e 90 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, e determinar a quen corresponde a titularidade das parcelas, para os efectos da continuidade da tramitación do proxecto básico; de selo caso, a rectificación e complemento dos datos sobre a titularidade dos bens ou dereitos ou sobre as súas características materiais ou legais; e finalmente, de selo caso, a identificación das parcelas de titular ilocalizable e iniciación do procedemento de investigación sinalado no artigo 19 da citada lei.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Lاراño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal





## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS.

1. Este procedemento réxese polo disposto pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e demais disposicións normativas de aplicación.

2. É de aplicación o establecido nos artigos 89 e 90 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, en canto ás actuacións a realizar tendentes a determinar a quen corresponde a titularidade das parcelas, para os efectos da continuidade da tramitación do proxecto básico; de selo caso, a rectificación e complemento dos datos sobre a titularidade dos bens ou dereitos ou sobre as súas características materiais ou legais; e finalmente, de selo caso, a identificación das parcelas de titular ilocalizable e iniciación do procedemento de investigación sinalado no artigo 19 da citada lei.

3. Instrución e motivación. De conformidade co disposto no artigo 75 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a competencia para a instrución do procedemento e a realización dos actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos en virtude dos cales deba pronunciarse a resolución, corresponde á Subdirección de Mobilidade de Terras.

De conformidade co disposto no artigo 35.1 a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito, os actos que limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos.

4. Os orixinais e as copias electrónicas dos documentos que se sinalan con código de verificación electrónica (CVE) pódense verificar e descargar de xeito electrónico en <https://sede.xunta.gal/cve>.

5. Aos efectos do establecido no artigo 21.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo para a resolución do procedemento e para a notificación dos actos que lle poñan termo é de dous anos, a contar desde o día seguinte do acordo de inicio, de conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. Se transcorre o prazo sinalado sen que se teña ditado e notificado a resolución correspondente, o procedemento caducará, e acordarase o arquivamento das actuacións, de conformidade co artigo 25.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. Competencia.

O artigo 8.3. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece que "Se algunha disposición atribúe a competencia a unha Administración, sen especificar o órgano que debe exercela, entenderase que a facultade de instruír e resolver os expedientes corresponde aos órganos inferiores competentes por razón da materia e do territorio. Se existise máis dun órgano inferior competente por razón de materia e territorio, a facultade para instruír e resolver os expedientes corresponderá ao superior xerárquico común destes".





Similares termos se establecen no artigo 5.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O artigo 90.e) da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, dispón que contra a resolución do procedemento caberá recurso de alzada ante a persoa que exerza a presidencia da Agader, cuxa resolución esgota a vía administrativa.

De conformidade co anterior, o órgano competente para acordar o inicio e resolver o procedemento de revisión do parcelario e estado das parcelas en polígonos agroforestais de iniciativa pública é a persoa titular da dirección da Agader.

Por todo o exposto, ACORDO:

O inicio do procedemento para a revisión do parcelario e estado das parcelas e trámites previos da investigación da titularidade das parcelas do polígono agroforestal de iniciativa pública de Cualedro, debendo de realizarse as actuacións e trámites previstos nos artigos 89 e 90 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2022

A directora xeral  
Inés Santé Riveira

